



Primeiro exame: parte específica

Instrucións en galego

- Só poden presentarse ao seguinte exame
as persoas que aproben este exame.
- O exame ten 30 preguntas.
Debes marcar as respostas na folla de respostas.
Tamén tes que contestar as preguntas número 31 e 32.
As preguntas 31 e 32 son preguntas de reserva.
- Tes **2 horas** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 3 puntos.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame,
entrega o cuestionario e a folla de respostas.
Debes entregar o cuestionario e a folla de respostas
á persoa da organización que está na porta pola que entraches.
A persoa da organización entregaráche
a copia da folla de respostas de cor azul.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Sinale en que consiste a posición de Fowler:

- A) O paciente está semisentado cos xeonllos flexionados e o respaldo formando un ángulo de 35 graos.
- B) O paciente está en decúbito lateral e o brazo inferior colócase cara atrás.
- C) Semisentado cos xeonllos flexionados e o respaldo formando ángulo de 45 graos.
- D) Boca abaixo con brazos e pernas estendidos.

2. A wifi é un aparello periférico de:

- A) Entrada.
- B) Saída.
- C) Entrada e saída.
- D) Almacenamento.

3. Cal das seguintes funcións NON corresponde ao celador?

- A) Prestar axuda ao persoal técnico especialista na realización de placas de raios X, realizadas con material portátil.
- B) Atender no servizo de lenzaría a distribución das roupas de uso do hospital.
- C) Suxeitar aos pacientes ós que se lles vai a realizar lavados gástricos ou suturas.
- D) Axudar ao persoal médico en probas que requiran suxeitar a nenos.

4. Cal dos seguintes elementos NON atoparemos nunha cadeira de rodas?:

- A) Mangos de empuxe.
- B) Aros propulsores.
- C) Nivel de burbulla para pendentas pronunciadas.
- D) Chasis e repousapés.

5. Á hora de introducirmos nun ascensor cun paciente nunha cadeira de rodas. Quen entra primeiro?

- A) O celador
- B) O paciente.
- C) É indiferente quen entra primeiro.
- D) Soamente se está baleiro o ascensor pode entrar primeiro o paciente.

6. Que normas de seguridade son necesarias cando empregamos calquera das distintas máquinas de reprografía?

- A) Ventilar a habitación diariamente.
- B) Utilizar máscara se cambiamos o toner.
- C) Ler detidamente as súas normas de uso.
- D) As respostas a e c son correctas.

7. É unha función do celador:

- A) Explicar aos acompañantes do paciente o tratamento que debe seguir.
- B) Trasladar os aparellos dun servizo para outro.
- C) Axudar ao acompañante do paciente a colocar a cuña.
- D) Deixar que todas as persoas que vaian a visitar a un paciente poidan acceder a todas as dependencias do hospital.

8. Un paciente hospitalizado non sabe pechar a persiana da súa habitación.

Como debe actuar o celador neste caso?

- A) Debe explicarlle amablemente que non é a súa función e que cando pase unha enfermeira, lle pregunte.
- B) Debe indicarlle ao paciente que chame ao servizo de mantemento para que lle explique o uso correcto.
- C) Debe explicarlle ao paciente o seu uso e manexo.
- D) Debe indicarlle ao paciente que chame ao auxiliar de enfermaría da planta para que lle explique o seu uso correcto.

9. Como se chama o aparello que nos permite regular a cantidade de osíxeno administrada a un paciente?

- A) Manómetro.
- B) Caudalímetro.
- C) Humidificador.
- D) Bala de osíxeno.

10. Cal das seguintes NON é unha función do celador de Urgencias?

- A) Avisar ao servizo de ambulancias para o traslado de enfermos de alta.
- B) Acompañar ao paciente en cadeira de rodas ata o coche cando se vai de alta.
- C) Levar a un paciente que vai facer unha radiografía á sala de RX.
- D) Manter a entrada do Servizo de Urgencias con cadeiras de rodas e padiolas suficientes.

11. Como se chama o elemento necesario para a comunicación que comprende todos os símbolos e signos para transmitir unha mensaxe?:

- A) A canle.
- B) O contexto.
- C) O código.
- D) O emisor.

12. Cando o celador recibe un obxecto que está atado ou envolto para ser transportado, estamos falando de:

- A) Unha mostra biolóxica.
- B) Un paquete.
- C) Un porta-sinaturas.
- D) Un documento.

13. Quen é a persoa encargada da recepción dos pacientes no Servizo de Urgencias dun hospital?

- A) O administrativo.
- B) O médico de garda.
- C) O celador.
- D) O enfermeiro de triaxe.

14. Os celadores vixiarán as entradas do hospital e unicamente permitirán a entrada:

- A) Ao persoal médico.
- B) Ao persoal sanitario.
- C) A todas aquelas persoas que leven xustificante.
- D) Ao persoal non sanitario.

15. Que funcións pode realizar unha fotocopiadora ademais da copia de documentos?

- A) Impresión de documentos.
- B) Fax.
- C) Ningunha das anteriores.
- D) As respostas a e b son correctas.

16. A cama máis habitual nas unidades de coidados intensivos (UCI) dos hospitais é:

- A) Clinotron.
- B) Ortopédica.
- C) Tipo Gatch.
- D) Ningunha das anteriores.

17. Estamos nun servizo de urxencias e cara a nós diríxese un acompañante enfadado e vociferando esixindo atención para o seu familiar. Como debe actuar o celador?:

- A) Contestarémolle da mesma maneira alzando máis a voz.
- B) Non lle faremos caso xa que poderíamos causar un conflito.
- C) Dirixirémonos cara a el usando palabras formais, pronunciando con claridade e mostrando unha expresión amable.
- D) Non faremos nada delegando no persoal de enfermería calquera actuación.

18. Os mecanismos máis importantes para reducir os riscos de contaminación nun centro sanitario son:

- A) Limpeza.
- B) Desinfección.
- C) Esterilización.
- D) Todos.

19. Como se chama o documento que a Administración utiliza de forma habitual para comunicarse cos cidadáns?

- A) Anuncio.
- B) Cartón de visita.
- C) Carta.
- D) Nota interior.

20. Un ascensor dun hospital sofre unha avaría.

Por seguridade, o Xefe de persoal subalterno ordena ao celador que faga de "ascensorista" de maneira eventual.

Como debe actuar o celador?

- A) Indicaralle que non é función súa.
- B) Comunicaralle ao seu superior que esa función é responsabilidade do vixiante de seguridade.
- C) Comunicaralle ao seu superior que esa función é responsabilidade do persoal de mantemento.
- D) Inmediatamente asumir a función de "ascensorista" de maneira eventual, xa que é unha das súas funcións.

21. Quen transporta o equipo de raios X portátil cando debe realizarse unha radiografía a un paciente encamado?

- A) O técnico de raios.
- B) O celador.
- C) O radiólogo.
- D) Ningún deles.

22. Nun hospital, que é unha sala de usos múltiples?

- A) Unha sala utilizada polo persoal de enfermería para realizar curas e demais labores técnicos.
- B) O lugar onde os pacientes se entreteñen coa televisión e prensa.
- C) Non existe esa denominación para ningún tipo de sala nun hospital.
- D) Unha sala onde se gardan os obxectos de limpeza.

23. Como se denomina a técnica que utilizamos para lograr a boa comunicación entre 2 persoas?:

- A) Escoita activa.
- B) Atención parcial.
- C) Interlocución desmedida.
- D) Comunicación superficial.

24. Os produtos que van desde o Almacén ata as distintas Unidades e Servizos do centro sanitario son:

- A) Subministracións internas.
- B) Almacéns periféricos.
- C) Subministracións externas.
- D) Servizos de subministracións.

25. Todos os compoñentes físicos do ordenador que se poden ver e tocar denomínanse:

- A) Software.
- B) Hardware.
- C) Mindware.
- D) Findware.

26. Se un paciente ou familiar realiza unha queixa ou está insatisfeito co trato recibido, como ten que actuar o celador?

- A) Recomendaralle que faga unha reclamación por escrito e a entregue ao persoal de seguridade do centro.
- B) escoitar con atención para transmitirla á enfermeira en persoa.
- C) Tratar por todos os medios que tanto o paciente como os familiares desistan de tal reclamación.
- D) Deberá atender ben a súa petición e orientalos ao Servizo de atención ó doente.

27. A etiqueta dun "exitus" debe levar os seguintes datos:

- A) Nome e apelidos do paciente falecido.
- B) Día e hora do "exitus".
- C) Unidade de procedencia do paciente falecido.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

28. Se nos chaman para preguntar se alguén deixou un documento importante e temos que mirar se o entregaron.

Que lle explicaremos á persoa coa que falamos?.

- A) Que non sabemos e que volva chamar mañá.
- B) Que chame ao seu supervisor e lle pregunte.
- C) Que lle volveremos chamar cando teñamos toda a información.
- D) Colgaremos o teléfono para mirar.

29. É función do celador de urxencias o traslado de pacientes desde esa unidade a outras unidades de hospitalización?

- A) Si, sempre que sexa andando.
- B) Só se o percorrido que van realizar é na mesma planta.
- C) Só se llo pide expresamente o persoal médico de urxencias.
- D) Ningunha é correcta.

30. Que nivel de comunicación utilizan entre eles, un médico e un enfermeiro, á hora de indicar unha medicación para un paciente?:

- A) Un nivel estándar.
- B) Un nivel especializado.
- C) Un nivel coloquial.
- D) Non hai denominación para este tipo de comunicación.

Preguntas de reserva

1. As funcións do celador están reguladas no Estatuto de persoal non sanitario no seu artigo:

- A) 15.
- B) 14.
- C) 13.
- D) En ningún deles.

2. Nun control de acceso ou recepción dun hospital o celador debe:

- A) Falar de forma clara e con boa actitude.
- B) Coidar a súa imaxe.
- C) Prestar atención para realizar ben a súa tarefa.
- D) Todas as respostas son correctas.